

## **BASES DO III CONCURSO FOTOGRÁFICO: “FAI ZOOM NA TÚA SAÚDE MENTAL”**

O **Comité en Primeira Persoa de Saúde Mental FEAFES Galicia**, órgano formado por persoas usuarias que intentamos traballar a favor dos nosos dereitos e contra o estigma asociado aos problemas de saúde mental, convoca o seu Terceiro Concurso Fotográfico.

Coa posta en marcha deste concurso pretendemos, coa modestia e a humildade da proposta, contribuír polo menos a tres cuestións:

1. Fomentar a participación e a expresión artística.
2. Amosar a realidade coa que se atopan as persoas con problemas de saúde mental respecto ao seu acceso ao emprego e á inclusión no mundo laboral.
3. Amosar que, en ocasións, as capacidades e as oportunidades vense ocultas e sepultadas polo estigma, os estereotipos e a incompreensión.

Baixo o título do concurso **“FAI ZOOM NA TÚA SAÚDE MENTAL”**, queremos que nos amosedes, a través das vosas imaxes, a vosa percepción ou experiencias respecto da necesidade de coidar, mimar e atender cada día ao noso benestar e a nosa saúde mental.

Por iso queremos que abrades o zoom e nos ensinades os lugares aos que acudides para vos refuxiar, relaxar, meditar e atopar paz. En definitiva, os sitios que vos fan sentir ben para coidar a vosa saúde mental. E que nos contedes coas vosas palabras por que vos motivan e vos axudan.

### **1. REQUISITOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES:**

- Poderá participar calquera persoa residente na comunidade autónoma de Galicia que estea vencellada á saúde mental ou pertenza a algunha entidade de Saúde Mental FEAFES Galicia (persoas participantes nos servizos ou programas, familiares, persoas achegadas, amizades, persoas voluntarias ou colaboradoras, etc.).
- As persoas menores de idade ou tuteladas poderán participar, sempre e cando acheguen á solicitude un consentimento asinado pola nai, pai ou titor/a legal (anexo 2).
- Non se aceptarán fotografías aportadas por quen non teña a autoría ou propiedade das mesmas.
- As persoas que participen no concurso manifestan e garanten que son as únicas titulares de todos os dereitos de autoría sobre os traballos que presenten, responsabilizándose totalmente de que non existan dereitos de terceiras partes nas fotografías presentadas, así como de toda reclamación por dereitos de imaxe.
- O autor ou autora da fotografía gañadora cederá todos os dereitos da mesma ao Comité en Primeira Persoa de Saúde Mental FEAFES Galicia. O resto de persoas presentadas autorizan ao Comité en Primeira Persoa a expor, publicar, utilizar e reproducir todas as fotografías recibidas, mantendo sempre a propiedade das mesmas.

- A participación no concurso implica a aceptación das presentes bases.

## 2. REQUISITOS DOS TRABALLOS:

- Poderán presentarse como máximo dúas (2) fotografías por participante.
- Non se aceptarán fotografías que fosen premiadas anteriormente noutros concursos ou certames.
- Todas as fotografías deben ter título e irán acompañadas dun breve texto no que se explique que pretenden transmitir. Cada fotografía deberá incluír os datos necesarios para a súa identificación: autor ou autora, título, lugar onde se tomou, data, enderezo electrónico e provincia galega de residencia do autor ou autora.
- Todas as fotografías presentadas deberán axustarse ao tema proposto: **“FAI ZOOM NA TÚA SAÚDE MENTAL”**.
- Só se aceptarán fotografías que contribúan a combater o estigma cara ás persoas con problemas de saúde mental e que favorezan a eliminación de prexuízos e estereotipos, a defensa dos seus dereitos e a súa inclusión e participación activa e positiva na sociedade.
- Valorarase que as persoas participantes sigan as recomendacións que recolle a Confederación Salud Mental España na web <https://comunicalasaludmental.org>
- Será valorado o contido, a orixinalidade, a forza e a expresividade da imaxe, así como a súa coherencia co obxecto e lema do concurso e a calidade da fotografía.

## 3. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DAS FOTOGRAFÍAS:

- Deberán presentarse en formato dixital independentemente da forma en que fosen capturadas (co teléfono móbil, coa tablet, cunha cámara de fotos, etc.).
- Poderán ser en cor ou en branco e negro.
- Deberán presentarse en formato JPG ou PNG.
- A resolución mínima será de 10 megapíxeles.
- Poderán realizarse retoques, modificacións ou montaxes fotográficas con programas de edición de fotografía.

## 4. ENVÍO DE TRABALLOS E PRAZO:

As fotografías e a documentación requirida serán enviadas por correo electrónico a **comite.primerapersona@feafesgalicia.org**. O prazo para a recepción das propostas rematará o día 14 de abril de 2023 ás 23:00 da noite.

## 5. DOCUMENTACIÓN QUE SE TEN QUE PRESENTAR:

- Solicitud (anexo 1).
- As persoas menores de idade ou tuteladas terán que presentar o anexo 2

## 6. PREMIOS:

- **1º Premio:** 100€ para gastar en artigos de fotografía + agasallo conmemorativo.
- **2º Premio:** 75€ para gastar en artigos de fotografía + agasallo conmemorativo.
- **3º Premio:** 50€ para gastar en artigos de fotografía + agasallo conmemorativo.

Unha escolma das mellores fotografías poderían participar nunha exposición física ou virtual

## 7. SELECCIÓN:

O xurado está composto por todas as persoas integrantes do Comité en Primeira Persoa de Saúde Mental FEAFES Galicia máis dous persoas técnicas da Federación. En caso de empate, a persoa responsable da comunicación de Saúde Mental FEAFES Galicia terá voto de calidade.

Unha mesma persoa participante non poderá obter dous premios, aínda que teña presentado dúas fotografías e ambas obtivesen o maior número de votos. Non obstante, si poderán participar dúas fotografías da mesma persoa na exposición itinerante, de ser elixidas.

Os nomes das persoas gañadoras e os traballos premiados faranse públicos no blog [mentalizacion.org](http://mentalizacion.org) do Comité en Primeira Persoa e nas súas redes sociais, na páxina web de Saúde Mental FEAFES Galicia e nas súas redes sociais. O Comité en Primeira Persoa de Saúde Mental FEAFES Galicia contactará coas persoas gañadoras para a entrega de premios.

A decisión do xurado será inapelable.

Non se manterá correspondencia sobre as obras participantes.

## 8. PUBLICACIÓN DAS FOTOGRAFÍAS:

O Comité en Primeira Persoa de Saúde Mental FEAFES Galicia e a federación Saúde Mental FEAFES Galicia resérvanse o dereito de publicar ou utilizar as fotografías presentadas ao concurso nas súas publicacións ou materiais sen limitación de tempo nin de lugar, citando sempre o nome do autor ou autora.

## ANEXO I: SOLICITUDE

### **DATOS DA PERSOA PARTICIPANTE:**

Nome e apelidos:

NIF/NIE:

Enderezo:

Teléfono de contacto:

Enderezo electrónico:

Asociación á que pertence:

### **DATOS DA FOTOGRAFÍA OU FOTOGRAFÍAS (máximo dúas):**

Título da fotografía 1:

Descrición:

Título da fotografía 2:

Descrición:

### **DECLARO que:**

- Son a única persoa titular de todos os dereitos de autor sobre a/as fotografía/s que presento ao **III CONCURSO FOTOGRÁFICO “FAI ZOOM NA TÚA SAÚDE MENTAL”**, e responsabilízome totalmente de que non existan dereitos de terceiros nas obras presentadas, así como de toda reclamación de terceiros por dereitos de imaxe.
- Ningunha das fotografías que presento foi premiada con anterioridade.
- Cedo os dereitos en caso de obter o primeiro premio.
- Autorizo a Saúde Mental FEAFES Galicia a expor, publicar, utilizar e reproducir todas as fotografías enviadas.
- Acepto as bases do concurso.

En ....., a ..... de .....de 2023

Asinado:

## ANEXO 2: AUTORIZACIÓN PARA A PRESENTACIÓN DE TRABALLOS DE PERSOAS MENORES OU TUTELADAS

Eu, ....., con NIF/NIE

....., AUTORIZO a

.....,

menor de idade ou persoa tutelada por min, a presentarse ao **III CONCURSO FOTOGRÁFICO**  
**“FAI ZOON NA TÚA SAÚDE MENTAL”** que organiza o Comité en Primeira Persoa de Saúde  
Mental FEAFES Galicia, e achego a documentación necesaria para amosar o meu vínculo coa  
persoa autorizada.

En ....., a ..... de .....de 2023

Asinado: